

A **Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural** nace en maio de 2008 por iniciativa de técnicos e xestores culturais e pretende ser un espazo de encontro e reflexión así como unha plataforma de representación profesional dos xestores culturais galegos.

Os membros da **Xunta Directiva** actual son:

Presidente/a. Xavier Campos (Trivium)

Vicepresidente/a. Pilar López (Concello de Foz)

Secretario/a. Suso Amado (Concello de Santiago)

Tesoureiro/a. Marta Núñez (Concello de Vigo)

Vocal 1 e responsábel da Comisión de Políticas Públicas.

Alberto García (Concello de Boiro - Nova Xestión Cultural)

Vocal 2 e responsábel da Comisión de Perfil Profesional.

Belén Bermejo (Sirgo Torcendo)

Vocal 3 e responsábel da Comisión de Formación.

Olga Nogueira (aCentral Folque)

Os **obxectivos** da Asociación son:

1º.- A representación, xestión, asesoramento, defensa e fomento dos intereses profesionais dos técnicos e xestores culturais galegos.

2º.- O establecemento de servizos propios, de interese común, e en especial: asesoría técnica, xurídica, económica ou fiscal para mellor defensa dos intereses profesionais das persoas asociadas.

3º.- Promover a mellora das condicións xerais e particulares para o desenvolvemento da actividade profesional das persoas asociadas, así como a unificación de criterios e sistemas, servindo con obxectividade aos intereses xerais no marco dun Estado de Dereito.

4º.- Reforzar a consolidación da figura profesional do xestor cultural.

5º.- Promover o debate e a reflexión sobre cuestións de interese colectivo no campo das políticas culturais e da Xestión Cultural.

6º.- Favorecer o intercambio de información, de ideas e de experiencias, así como a formación, entre os xestores pertencentes á asociación.

7º.- Contribuír á formación doutros colectivos vinculados coa xestión cultural

8º.- Servir como órgano de comunicación e interlocución aos organismos de formación para a Xestión Cultural, así como a cantos organismos públicos ou entidades privadas se considere, co fin de mellorar a programación, desenvolvemento e avaliación da actividade cultural.

9º.- Vincular as nosas actuacións con outras iniciativas similares realizadas no resto do Estado ou a nivel internacional.

10º.- Promover o desenvolvemento da cultura da participación activa e comprometida, así como contribuír á difusión da pedagogía democrática en todas as nosas actuacións.

11º.- Todas aquelas actuacións que se estimen oportunas no ámbito da Cultura e que persigan beneficio social para Galicia e para a propia Asociación e os seus membros.

As **actividades** da asociación son:

1º.- A organización de Foros sobre xestión cultural e actividades vinculadas.

2º.- Elaboración dun código deontolóxico

3º.- Investigacións, estudos e informes. Publicacións: revistas e libros. Comunicación en rede (web)

4º.- Promoción da formación dos xestores culturais en Galicia, ben por iniciativa propia, ben en colaboración con entidades públicas ou privadas, e primando sobre todo a regularización e recoñecemento académico desta formación.

5º.- Asesorar a entidades, administracións ou colectivos, sobre aqueles asuntos relacionados cos fins da asociación, ben a través de accións formativas, consultorías externas, redacción de informes, realización de investigacións, etc.

6º.- Desenvolver accións de todo tipo para regularizar a situación profesional dos xestores culturais en Galicia.

7º.- A colaboración con asociacións, organizacións e institucións de diversa índole: Universidades, administracións culturais, asociacións profesionais, colectivos diversos, etc.

8º.- Accións de coordinación coa Federación Estatal de Asociacións de Xestores Culturais.

Comisións

O traballo orgánico da asociación está agrupado en tres comisións que coordinan as seguintes persoas:

Comisión de Políticas Públicas: Alberto García

Comisión de Perfil Profesional: Belén Bermejo

Comisión de formación: Olga Nogueira

Requisitos para ser membro da asociación:

Desenvolver a súa actividade profesional principal, ou tela desenvolvido nos últimos anos, nos ámbitos da xestión cultural, tanto no sector público como no privado. Esta condición será demostrada documentalmente a través de contratos de traballo, informes de vida laboral, certificacións debidamente conformadas ou actas notariais. Tamén poderá ser demostrada a través dun informe ben documentado e razoado a presentado por, polo menos, tres membros de número.

Cota anual de socio/a: 60 €/ano

Procedemento para a incorporación á AGPXC:

1º Solicitud por parte do interesado na que se aporte a seguinte información:

Nome

Enderezo

Tf

e-mail

Posto de traballo

Titulación e resumo da traxectoria profesional como xestor (segundo os estatutos requírese un mínimo de dous anos de exercicio profesional)

2º Avaliación da solicitude pola Xunta directiva

3º Remisión da ficha de asociado cos datos completos